

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA**

*RESOLUCIÓN do 26 de xaneiro de 2021 pola que se aproban e se fan públicas as relacións provisionais de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo unitario para o acceso á escala básica, categoría de oficial, nos corpos de policía local, quenda de acceso por promoción interna e mobilidade.*

Con data do 10 de xullo de 2020, o DOG fixo pública a Orde do 8 de xullo pola que se convocaba o proceso selectivo unitario para o acceso nos corpos da Policía local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, quendas de acceso por promoción interna e mobilidade.

Con data do 22 de xullo, o BOE publicou o anuncio da dita convocatoria e abriuse o prazo de presentación de solicitudes. Rematado este, e de acordo co establecido no punto 4 da referida Orde do 8 de xullo, esta dirección xeral

**RESOLVE:**

Aprobar con carácter provisional as listaxes de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo convocado pola Orde do 8 de xullo de 2020 (DOG núm. 137, do 10 de xullo), nas quendas de acceso por promoción interna e mobilidade.

As listaxes provisionais de persoas admitidas poderán consultarse a través da páxina web oficial da Academia Galega de Seguridade Pública <http://agasp.xunta.gal>.

A listaxe provisional de persoas excluídas, tanto na quenda de promoción interna como na de mobilidade, figuran como anexo I e II a esta resolución.

As persoas excluídas disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Dispoñen do mesmo prazo as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas nas listaxes publicadas.

A Estrada, 26 de xaneiro de 2021

Santiago Villanueva Álvarez  
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública



**ANEXO I**
**Listaxe provisional de persoal excluído. Quenda de promoción interna**

Apelidos	Nome	Motivo da exclusión
Aneiros Candales	José Manuel	1
Barros Bernárdez	Alejandro	1
Bellas Barro	Diego	1
Cruz Fernández	Diego	1 e 2
Ferreiro Calvo	Diego Adrián	1
Patiño Carballeira	José Luis	1 e 2
Peña Antón	Raúl	1
Pérez Teixeira	Óscar	2
Periscal Sánchez	Pablo José	1
Roig Terán	Concepción	2
Saborido Caamaño	José	1
Vázquez Gómez	Yago	1

Causas da exclusión	
1	Non acredita os tres anos de servizo activo na categoría de policía requiridos na base 2.1.a) da convocatoria
2	Non acredita a titulación requirida na base 2.1.b) da convocatoria

**ANEXO II**
**Listaxe provisional de persoal excluído. Quenda de mobilidade**

Apelidos	Nome	Motivo da exclusión
De la Peña Costas	Teodoro	1
Suárez Piñeiro	Adolfo	2

Causas da exclusión	
1	Non acredita a antigüidade de 5 anos na categoría de oficial requirida na base 2.2.c) da convocatoria
2	Non acredita a titulación requirida na base 2.2.a) da convocatoria

